REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de setembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 32807 (10/PNC-002682)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia na normativa referida a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos situados preto de zonas residenciais co fin de non permitir esas actividades neles
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

1.2 33583 (10/PNC-002746)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre o impulso da Xunta de Galicia para abrir a convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018

1.3 33711 (10/PNC-002762)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 7 máis
Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do proxecto da estación intermodal da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

1.4 33782 (10/PNC-002768)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a trasladar información á poboación do concello da Merca sobre a presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

1.5 35409 (10/PNC-002851)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón
Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun servizo público de tren de proximidades entre A Coruña e Ferrol, así como a recuperación

dese traxecto do seu abandono
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 352, do 05.09.2018

1.6 35469 (10/PNC-002859)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da ponte de Rande
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

1.7 36066 (10/PNC-002888)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da caducidade da concesión outorgada a Elnosa en Lourizán, en Pontevedra, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co protocolo asinado coa empresa no ano 2013
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 354, do 12.09.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz	P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias	P

Secretario

Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 32807(10/PNC-002682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as modificacións que debe introducir a Xunta de Galicia na normativa referida a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos situados preto de zonas residenciais co fin de non permitir esas actividades neles

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:44
Nº Rexistro: 32807
Data envio: 26/06/2018 10:44:33.748

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, Xoaquín Fernández Leiceaga, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

En decembro de 2017, no Concello de Teo tivo entrada unha solicitude de compatibilidade urbanística solicitada polo Grupo Toysal (a efectos de incluíla na presentación de solicitude de autorización ambiental integrada) para o proxecto básico e estudo de impacto ambiental dunha planta de xestión de residuos na antiga canteira de Casalonga. O obxecto do proxecto é o tratamento e reciclado de 90.000 toneladas de residuos para producir, basicamente, biogás.

As conclusións deste proxecto son moi pouco garantistas, pois di que a instalación englobará "diversas tecnoloxías punteiras no pretratamento, dixestión ou concentración de residuos orgánicos" e que é imposible establecer un plan de restauración detallado, dada a imposible previsión da evolución das condicións socio-económicas locais e nacionais.

As veciñas e os veciños están preocupados e teñen constituído unha plataforma de afectados chamada "Casalonga limpa de Residuos", polo que é o Goberno quen debe ser transparente e dar explicacións, posto que a Xunta de Galicia é a administración competente para tramitar a autorización ambiental integrada deste tipo de actividades. Os veciños teñen o apoio do seu Concello, que no Pleno do día 30 de maio acordaba, por unanimidade, o rexeitamento deste tipo de instalacións en solo rústico.

Non pasa só na Casalonga, tamén noutros lugares de Galicia onde se proxectan instalacións de xestión e tratamento de residuos en solo

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:44
Nº Rexistro: 32807
Data envio: 26/06/2018 10:44:33.748

rústico e/ou en solos preto de zonas residenciais. Cómpre mudar esta realidade, ou ben modificando a propia Lei do solo de Galicia de 2016 (o seu artigo 35) ou ben o Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (o seu apartado 9.1.3).

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a modificar a normativa relativa a proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos en solos rústicos e/ou en solos preto de zonas residenciais coa fin de que non sexan actividades permitidas neses solos, no seguinte senso:

1. Modificando inmediatamente e sempre antes do mes de setembro de 2018, o apartado 9.1.3 do Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022, de maneira que se suprima a expresión "preferentemente".

2. Traendo a Cámara galega no seguinte período de sesións a modificación do artigo 35.1.m da Lei do solo de Galicia, 2/2016, de maneira que se prohiba este tipo de instalacións en solo rústico.

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado-portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/06/2018 10:36:38

Raúl Fernández Fernández na data 26/06/2018 10:36:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2018 10:44
Nº Rexistro: 32807
Data envio: 26/06/2018 10:44:33.748

Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 26/06/2018 10:36:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/06/2018 10:36:53

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33583(10/PNC-002746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre o impulso da Xunta de Galicia para abrir a convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, 342, 27.07.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:58
Nº Rexistro: 33583
Data envio: 18/07/2018 10:58:06.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira** e **Marcos Cal Ogando,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 2.ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O venres 4 de maio o DOG publicaba as bases reguladoras da convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018. Unhas axudas en réxime de concorrencia non competitiva que, polo mesmo, se resolven de acordo á orde de rexistro das solicitudes presentadas e ata o esgotamento do crédito dispoñible.

O crédito total desta liña de subvencións era de 4.381.543 euros, divididos en 2.882.373 euros para o ano 2018 e 1.499.170 para o ano 2019, e dispúñase unha axuda máxima por concello de 500.000 euros co IVE incluído.

A convocatoria para a presentación de solicitudes abriuse ás 00:00 horas do día 5 de maio. E a última solicitude que puido ser concedida antes do esgotamento total do crédito tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia ás 00:12:18 horas, como consta na "Resolución de 6 de xullo de 2018 pola que se dá publicidade ao esgotamento do crédito da Orde de 25 de abril de 2018 (DOG de 4 de maio), pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia para o ano 2018."

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:58
Nº Rexistro: 33583
Data envio: 18/07/2018 10:58:06.455

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Non nos parece acaído este sistema de adxudicación das subvencións, xa que consideramos máis xusto que se faga a través da baremación de méritos.

Cando menos a Xunta de Galicia tiña que ter ampliado o crédito.

Todo isto provoca sospeitas de que non se trate a todos os concellos por igual en función da súa cor política.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a abrir de novo a convocatoria de subvencións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia en réxime de concorrencia competitiva fixando unha baremación nas bases reguladoras da Orde.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Marcos Cal Ogando

Deputados e Voceiros do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 18/07/2018 10:56:01

Luis Villares Naveira na data 18/07/2018 10:56:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 10:58
Nº Rexistro: 33583
Data envio: 18/07/2018 10:58:06.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Marcos Cal Ogando na data 18/07/2018 10:56:16

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33711(10/PNC-002762)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre o impulso pola Xunta de Galicia do proxecto da estación intermodal da Coruña

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33711
Data envio: 23/07/2018 14:09:21.457

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, Martin Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Diego Calvo Pouso, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Exposición de motivos

O Goberno galego está a apostar pola intermodalidade entre os distintos modos de transporte e leva anos traballando neste sentido, coordinando as actuacións necesarias para acadar esa intermodalidade nas principais cidades galegas, algo para o que ten conseguido o financiamento comunitario.

No grupo parlamentario popular, ao igual que o Goberno da Xunta de Galicia, sabemos que os medios de transporte non deben basearse en competir, deben complementarse entre si. Neste marco, un dos pasos que Galicia debe abordar para garantir uns transportes públicos de calidade é a conexión sinxela entre os diferentes modos de transporte. E, para iso, é necesaria a execución das estacións intermodais nas distintas cidades galegas.

Desde a Xunta estase a avanzar con determinación neste eido e, como puidemos ver recentemente, xa ten iniciado as obras da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Santiago de Compostela.

Tamén coñecemos que hai avances importantes no camiño de garantir a intermodalidade en Ourense, en Vigo ou en Pontevedra. Non así na cidade da Coruña, onde os diversos cambios de criterio do Concello nos últimos meses obrigan a redefinir gran parte do traballo feito pola Xunta, demorando o desenvolvendo da intermodal da cidade.

O Goberno galego contratou a redacción do proxecto da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña xa en agosto do ano 2016, sobre a base dun estudo anterior, as previsións do ADIF e as propostas do Concello. Pero os novos condicionantes esixidos polo Concello da Coruña unha vez que o proxecto xa estaba redactado, o cambio de boa parte das propostas que o Concello tiña feito con anterioridade, fan agora que todo ese traballo realizado pola Xunta e os cartos

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33711
Data envio: 23/07/2018 14:09:21.457

investidos na redacción do proxecto queden en suspenso; obrigando a licitar e redactar de novo o proxecto básico e de execución da terminal de autobuses integrada na estación intermodal.

Isto, loxicamente, demora todo o proceso e retrasa a execución da actuación nos prazos previstos inicialmente, o que fai moi difícil que poida ser financiada con cargo aos fondos europeos do período 2014-2020.

Desde este grupo parlamentario asistimos con preocupación ao desinterese que parece manifestar o Concello da Coruña neste asunto e ante a súa falta de axilidade, algo que pode levar á perda de fondos europeos do que consideramos que é un proxecto estratéxico para a cidade.

Neste sentido, coñecemos o compromiso da Xunta de elaborar un novo proxecto para a terminal de autobuses e seguir avanzando no desenvolvemento da intermodal. Pero é tamén preciso que o Concello da Coruña se implique e poña enriba da mesa, canto antes, o convenio específico no que se recollan as responsabilidades de cada administración no desenvolvemento da intermodal da Coruña, e se eviten futuras variacións de criterio por parte de Administración local.

Aínda sabendo que as propostas introducidas polo Concello suporán un retraso considerable no desenvolvemento da infraestrutura, desde este grupo parlamentario consideramos que a intermodal é un proxecto de futuro ao que os veciños da Coruña non poden nin deben renunciar.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1.- Axilizar a tramitación necesaria correspondente ao proxecto da terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña, acurtando no posible os prazos para a redacción, de novo, do proxecto básico e de execución desta terminal, para tratar de minimizar as consecuencias do retraso que ten suposto a introdución de novos criterios, por parte do Concello da Coruña, no proxecto básico que xa estaba redactado.

2.- Solicitar do Concello da Coruña que, segundo o acordado, remita á maior brevidade a proposta de convenio marco específico entre Xunta, Concello e ADIF que sente as bases da colaboración entre administracións e estableza o reparto de responsabilidades de cada unha das partes no desenvolvemento da estación intermodal da cidade.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2018 09:30
Nº Rexistro: 33711
Data envio: 23/07/2018 14:09:21.457

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

3.- Dirixirse ao Concello da Coruña para que realice, canto antes, as adaptacións urbanísticas necesarias, que son da súa competencia, para o desenvolvemento da futura intermodal.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 23/07/2018 14:04:03

Martín Fernández Prado na data 23/07/2018 14:04:19

Jaime Castiñeira Broz na data 23/07/2018 14:04:50

Diego Calvo Pouso na data 23/07/2018 14:05:08

Jacobo Moreira Ferro na data 23/07/2018 14:05:22

Marta Novoa Iglesias na data 23/07/2018 14:05:44

María Julia Rodriguez Barreira na data 23/07/2018 14:06:05

Gonzalo Trenor López na data 23/07/2018 14:06:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/07/2018 14:06:38

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 33782(10/PNC-002768)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a trasladar información á poboación do concello da Merca sobre a presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga

Publicación da iniciativa, 344, 01.08.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2018 13:10
Nº Rexistro: 33782
Data envio: 26/07/2018 13:10:08.823

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Raúl Fernández Fernández** e **María Luisa Pierres López**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de motivos

Tras declarar a Xunta de Galicia que o abastecemento público de auga no concello de A Merca (Ourense) non é apto para o consumo pola elevada presenza de trihalometanos, o pasado mes de xuño, o Concello recomendou a través dun bando non usar a auga de abastecemento para consumo humano, ou sexa, nin para beber nin para cociñar con ela, por motivo dos altos niveis de trihalometanos que contén.

Os trihalometanos son compostos orgánicos volátiles froito da reacción da materia orgánica que transporta a auga sen tratar co cloro que se emprega na planta potabilizadora para a súa desinfección. A súa inxesta en cantidades elevadas e durante un longo período de tempo causa danos hepáticos e son "potencialmente cancerígenos" segundo a Axencia Internacional do Cancro. Relaciónase aos trihalometanos co cancro de vexiga, ademais dos danos no fígado e ril, aínda que hai que engadir que estas substancias nocivas atópanse en cantidades ínfimas, co que non se pode precisar tamén o efecto sobre a saúde xa que este só aparecería a moi longo prazo, cun consumo prolongado.

A pesares de que esta situación non é a primeira vez que acontece, non se teñen tomado medidas para solucionar esta problemática, todo elo a pesares do risco que supón para a saúde da poboación, e das incomodidades que provoca non poder utilizar a auga que sae das billas dos fogares deste concello. Ademais a información á poboación é

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2018 13:10
Nº Rexistro: 33782
Data envio: 26/07/2018 13:10:08.823

escasa, e máis se temos en conta que a poboación deste concello de preto de 2000 habitantes, increméntase moito durante a época estival.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Trasladar información clara e concisa á poboación do Concello da Merca (Ourense), sobre a presenza de trihalometanos na rede de abastecemento de auga, os riscos que ten para a saúde, as medidas preventivas que debe tomar a veciñanza para evitalos, e as solucións técnicas que se teñen previsto poñer en marcha para solucionar esta problemática.
2. Executar de maneira urxente as medidas técnicas necesarias para unha correcta potabilización da auga deste concello, sen rebaixar as prestacións hixiénicas, co fin de eliminar a presenza de trihalometanos.

Pazo do Parlamento, 26 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/07/2018 13:10
Nº Rexistro: 33782
Data envio: 26/07/2018 13:10:08.823

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Noela Blanco Rodríguez na data 26/07/2018 13:01:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/07/2018 13:01:39

Julio Torrado Quintela na data 26/07/2018 13:01:44

Raúl Fernández Fernández na data 26/07/2018 13:01:49

María Luisa Pierres López na data 26/07/2018 13:01:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 26/07/2018 13:01:57

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 35409(10/PNC-002851)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia dun servizo público de tren de proximidades entre A Coruña e Ferrol, así como a recuperación dese traxecto do seu abandono

Publicación da iniciativa, 352, 05.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:09
Nº Rexistro: 35409
Data envio: 30/08/2018 13:09:40.553

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2.ª.

Exposición de motivos

O Partido Popular leva anos apostando polo desmantelamento do ferrocarril tradicional. Así, non é de estrañar que en apenas cinco anos o tren que realiza o traxecto A Coruña-Ferrol perdera un 43% dos seus usuarios. A tendencia é clara dende o 2013, ano no que comezou o descenso de viaxeiros e viaxeiras. De feito, podemos observar un curioso contraste arredor desta data. Dende o 2005 ata o 2012 o número total de usuarios era de case 100.000. A partir de entón e ata o ano 2016, a cifra caeu ata aproximadamente a metade.

O Partido Popular aplicou a tesoira ao ferrocarril no ano 2013, o que supuxo o peche de 30 estacións e apeadeiros e a supresión de frecuencias en moitas liñas. Nesas datas, retiráronse 20 trens semanais entre Ferrol e A Coruña e pecháronse os apeadoiros de Franza, en Fene, e de Paderne. Neda, Barallobre, Cecebre e Cambre tiveron que conformarse dende entón cun único servizo.

A diminución de viaxeiros e viaxeiras afectou a tódalas estacións, dende A Coruña, O Burgo, Elviña.... ata Ferrolterra, aínda que algunhas o sufriron máis que outras. Cambre e Neda, por exemplo, viron descender o seu número de usuarios nun 85%, pasando dos 1.500 e os 1.000 viaxeiros anuais aos 200.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:09
Nº Rexistro: 35409
Data envio: 30/08/2018 13:09:40.553

A isto hai que sumar o agravio histórico que supón o feito de que Galicia sexa a única comunidade litoral que non conta cun tren de proximidade, malia ter un espazo apropiado para desenvolvelo. Asturias, Cantabria, Euskadi, Cataluña, a Comunidade Valenciana, Murcia e Andalucía si dispoñen deste servizo, que supón un menor gasto para os seus usuarios e usuarias, comparado co custe dos servizos rexionais ou de media distancia galegos, e, ademais, ofrece máis frecuencias e está máis protexido fronte aos recortes do Estado central. Porén, non hai ningún plan sobre a mesa para corrixir este déficit.

Con este panorama, é urxente inverter a orde de prioridades no que respecta aos investimentos ferroviarios. Na actualidade, o ferrocarril convencional recibe o 30% da financiación pública, mentres que a alta velocidade acapara o 70% das axudas, sen importar que máis do 95% dos usuarios e usuarias continúan optando polo tren tradicional. Isto débese a que as política públicas de infraestruturas e transporte dos gobernos do Partido Popular non están orientadas á cidadanía e á vertebración do territorio, senón a inflar a burbulla dos macro-proxectos para favorecer as contas de resultados das empresas amigas. Isto ten que mudar de inmediato.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Establecer un servizo público de tren de proximidade entre A Coruña e Ferrol que amplíe horarios e as frecuencias para facelo socialmente rendible e economicamente viable.
- Realizar investimentos neste traxecto para recuperalo do seu abandono.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2018 13:09
Nº Rexistro: 35409
Data envio: 30/08/2018 13:09:40.553

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 30/08/2018 13:03:45

Antón Sánchez García na data 30/08/2018 13:03:59

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.6 35469(10/PNC-002859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da ponte de Rande

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35469
Data envio: 31/08/2018 11:05:13.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasados 8 meses desde a apertura ao tráfico da ampliación da ponte de Rande, aínda seguen a realizarse traballos de conservación e mantemento desta infraestrutura. Como consecuencia destas obras, as pasarelas de evacuación dos carrís exteriores están ocupadas permanentemente con casetas e diversa maquinaria, o que impide a súa utilización en caso dunha emerxencia.

Trátase dunha situación de grave risco pois en caso de accidente os vehículos que circulan polo carril exterior quedarían atrapados ao non ter ningunha posibilidade de evacuación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35469
Data envio: 31/08/2018 11:05:13.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar ao goberno do Estado a inmediata apertura e posta en funcionamento das pasarelas de evacuación dos carrís exteriores da onte de Rande."

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 31/08/2018 11:01:16

María Montserrat Prado Cores na data 31/08/2018 11:01:21

Ana Pontón Mondelo na data 31/08/2018 11:01:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2018 11:05
Nº Rexistro: 35469
Data envio: 31/08/2018 11:05:13.112

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 31/08/2018 11:01:23

Olalla Rodil Fernández na data 31/08/2018 11:01:25

Noa Presas Bergantiños na data 31/08/2018 11:01:27

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

Día: 27.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.7 36066(10/PNC-002888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central respecto da caducidade da concesión outorgada a Elnosa en Lourizán, en Pontevedra, así como a actuación que debe levar a cabo en relación co protocolo asinado coa empresa no ano 2013

Publicación da iniciativa, 354, 12.09.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo cumpriuse a data de caducidade da concesión da fábrica do cloro de Lourizán, sen que o PP galego dese cumprido o seu plan para consolidar esta empresa contaminante na ría de Pontevedra.

Este Plan era a consecuencia lóxica da decisión política anunciada o 24 de novembro de 2016 como resultado das negociacións ao máis alto nivel entre a Xunta e a empresa. Mais a folla de rota non se levou a cabo porque o goberno galego non deu tramitado o Plan sectorial de incidencia supramunicipal e o goberno central non aprobou a prórroga da concesión.

Neste proceso foi fundamental a posición contraria do concello con respecto ao PERI, á Autorización Ambiental Integrada e ao Proxecto sectorial, así como batalla social, administrativa e xudicial contra a continuidade da empresa en terreos de dominio público marítimo-terrestre.

Así as cousas, desbotada a posibilidade de permanencia desta empresa perigosa e contaminante na ría, cómpre que o Estado dea os pasos necesarios para a recuperación

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos terreos de dominio público (12.000m2), facendo oficial o final da concesión e reclamando a aprobación dun proxecto de desmantelamento e descontaminación dos terreos ocupados pola fábrica.

Ao tempo que se levan a cabo os labores de desmantelamento e descontaminación, que suporán unha importante carga de traballo, se de verdade existe interese por manter o emprego a Xunta de Galiza debe poñerse mans á obra para buscar un emprazamento alternativo

Neste caso, a folla de rota ten que ser a establecida No Protocolo asinado en outubro de 2013 que prevía o seguinte:

- 1º Cesamento da actividade de maneira improrrogable na ría a finais de 2016.

2º Compromiso da empresa de non solicitar prórroga da concesión (caducidade en 2018).

3º Compromiso da empresa de presentar dúas propostas de ubicación alternativa, unha delas na área de influencia de Pontevedra.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a demandar o goberno do Estado

1. Que decrete a caducidade da concesión outorgada á empresa Elnosa en terreos de dominio público marítimo terrestre en Lourizán (Pontevedra).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que reclame á empresa a elaboración e desenvolvemento –logo da súa aprobación- dun proxecto de descontaminación e rexeneración dos terreos ocupados pola fábrica.

Asemade, o parlamento insta ao Goberno galego a velar polo cumprimento do protocolo asinado coa empresa Elnosa en 2013, no que se prevía a presentación pola empresa de dúas propostas alternativas para un novo emprazamento da factoría, unha delas na comarca de Pontevedra.”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/09/2018 12:54:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2018 13:00
Nº Rexistro: 36066
Data envio: 06/09/2018 13:00:28.384

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2018 12:55:06

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2018 12:55:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/09/2018 12:55:09

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2018 12:55:11

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2018 12:55:13